



Os **substantivos** son palabras que designan seres, obxectos, ideas ou sentimentos.

Pódense clasificar en:

Comúns (seres e obxectos en xeral)	Propios (seres e obxectos individuais. Escríbense con maiúscula).
---	--

Os substantivos comúns poden ser:

Concretos (seres ou obxectos que podemos percibir polos sentidos)	Abstractos (conceptos que solo podemos captar coa mente).
Contables (elementos que se poden contar dun en un).	Incontables (elementos que non se poden contar dun en un).
Individuais (nomean en singular a un só ser ou obxecto).	Colectivos (nomean en singular a un conxunto de seres ou obxectos).

➤ **Analiza estes substantivos segundo se indica.**

	Común ou propio	Concreto ou abstracto	Individual ou colectivo	Contable ou incontable	Xénero e número
María					
enxame					
cadernos					
alegría					
souto					
azucres					

O xénero e o número dos substantivos

A maioría dos substantivos son invariables en canto ao **xénero**: ou teñen xénero masculino ou feminino.

- Son **masculinos** cando van acompañados por determinantes masculinos.
- Son **femininos** cando van acompañados por determinantes femininos.

Algúns son **variables** e presentan unha forma para o masculino e outra para o feminino porque se refiren a persoas ou animais que poden cambiar de sexo.

Os substantivos tamén varían en canto ao **número**.

- Se fan referencia a un só ser ou obxecto, estará en **singular**.
- Se fai referencia a varios, en **plural**.

➤ **Cambia o xénero e o número dos seguintes substantivos coma no exemplo.**

<i>mulleres</i>	<i>home</i>	madiña	_____	heroe	_____
emperador	_____	mestre	_____	damas	_____
ovellas	_____	poetas	_____	carpinteiro	_____
alcalde	_____	nora	_____	galo	_____
tigre	_____	gorrión	_____	vaca	_____
nai	_____	papá	_____	varón	_____
cans	_____	rei	_____	presidente	_____
sacerdote	_____	abade	_____	femia	_____